

10. Nome e enderezo do titular do responsable da fabricación, se difire do titular.

11. Cando o medicamento se autorice mediante procedemento de recoñecemento mutuo e procedemento descentralizado con diferentes nomes nos Estados membros afectados, unha lista dos nomes autorizados en cada un dos Estados membros.

12. Data da última revisión do prospecto.

XEFATURA DO ESTADO

19321 *LEI 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio.* («BOE» 268, do 8-11-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

A Unión Europea establece de forma taxativa a obriga de regular o correspondente réxime sancionador en caso de incumprimento da normativa de benestar animal, podéndose citar para estes efectos o artigo 55 do Regulamento (CE) n° 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar animal. Máis recentemente o artigo 25 do Regulamento (CE) n° 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, relativo á protección dos animais durante o transporte e operacións conexas, polo que se modifican as directivas 64/432/CEE e 93/119/CE e o Regulamento (CE) n° 1255/1997, que derroga a Directiva 91/628/CEE do Consello, do 19 de novembro de 1991.

Neste contexto, as principais obrigas, no que se refire aos animais de produción, derivan da Directiva 91/628/CEE do Consello, do 19 de novembro de 1991, sobre a protección dos animais durante o transporte, que modifica as directivas 90/425/CEE e 91/496/CEE; da Directiva 91/629/CEE do Consello, do 19 de novembro de 1991, relativa ás normas mínimas para a protección de becerros; da Directiva 91/630/CEE do Consello, do 19 de novembro de 1991, relativa ás normas mínimas para a protección de porcos; da Directiva 98/58/CE do Consello do 20 de xullo de 1998, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras; da Directiva 1999/74/CE do Consello do 19 de xullo de 1999, pola que se establecen as normas mínimas de protección das galiñas poñedoras e da Directiva 93/119/CE do Consello, do 23 de decembro de 1993, relativa á protección dos animais no momento do seu sacrificio ou matanza. No que se refire a animais utilizados para experimentación e outros fins científicos, débese ter en conta a Directiva 86/609/CEE, do Consello do 24 de novembro de 1986, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros respecto á protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos.

Así mesmo, as obrigas que son exixibles tanto para os responsables dos animais como para os operadores comerciais, prevense no Regulamento (CE) n° 1255/97 do Consello, do 25 de xuño de 1997, sobre os criterios comunitarios que deben cumprir os puntos de parada e polo que se adapta o plan de viaxe mencionado no anexo da Directiva 91/628/CEE, na Decisión 2000/50/CE, do 19 de decembro, da Comisión, relativa aos requisitos mínimos para a inspección das explotacións gandeiras, e, a partir do 5 de xaneiro de 2007, no Regulamento (CE) n° 1/2005 do Consello, do 22 de decembro.

As obrigas previstas na anterior normativa comunitaria concrétanse nas seguintes normas básicas estatais: o Real decreto 1047/1994, do 20 de maio, relativo ás normas mínimas para a protección de becerros, no Real decreto 54/1995, do 20 de xaneiro, sobre protección dos animais no momento do seu sacrificio ou matanza, o Real decreto 1041/1997, do 27 de xuño, polo que se establecen as normas relativas á protección dos animais durante o seu transporte, o Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras, o Real decreto 3/2002, do 11 de xaneiro, polo que se establecen as normas mínimas de protección das galiñas poñedoras, o Real decreto 1135/2002, do 31 de outubro, relativo ás normas mínimas para a protección de porcos, o Real decreto 751/2006, do 16 de xuño, sobre autorización e rexistro de transportistas e medios de transporte de animais, polo que se crea o Comité español de benestar e protección dos animais de produción, e o Real decreto 1201/2005, do 10 de outubro, sobre protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos.

II

Mediante esta lei establécese, en acatamento do mandado comunitario, un conxunto de principios sobre o coidado dos animais e o cadro de infraccións e sancións que dota de eficacia xurídica as obrigas establecidas na normativa aplicable. Lógrase así, con esta lei, dar cumprimento, ademais, ao artigo 25 da Constitución que estipula a reserva de lei na regulación das infraccións e sancións.

Esta lei tamén estipula as bases do réxime sancionador. Con isto lógrase establecer un común denominador normativo no cal as comunidades autónomas exerzan as súas competencias. Ese común denominador garante a uniformidade necesaria para a operatividade da normativa aplicable e asegura unha proporcionalidade mínima nas sancións.

O carácter básico das normas e das infraccións e sancións contidas nesta lei é consecuencia da reserva que os artigos 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución fan a prol do Estado en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e bases e coordinación xeral da sanidade.

III

A lei estrutúrase en tres títulos, completados cunha disposición adicional e seis disposicións derradeiras.

O título preliminar refírese ao obxecto da lei, que é establecer as bases dun réxime de protección animal e de infraccións e sancións para garantir o cumprimento das normas sobre protección dos animais na explotación, o transporte, a experimentación e o sacrificio. Régulase así, tamén, a potestade sancionadora da Administración xeral de Estado no que respecta á protección dos animais exportados ou importados desde ou cara a Estados non membros da Unión Europea e aos procedementos con animais de laboratorio que sexan da súa competencia.

Neste mesmo título defínense aqueles termos, citados no articulado, que precisan unha determinación e concreción dos seus caracteres e alcance, e delimitase o seu ámbito de aplicación, excluíndose a caza e a pesca, a fauna silvestre, os espectáculos taurinos, as competicións deportivas regradas e os animais de compañía, excepto o establecido na disposición adicional primeira, xa que posúen a súa propia normativa reguladora.

O título I regula os aspectos máis relevantes sobre a explotación, o transporte dos animais, o seu sacrificio ou a súa matanza. Determináanse, así mesmo, as actividades suxeitas a autorización administrativa ou notificación previa á Administración competente.

As previsións recollidas nos títulos anteriores devían ineficaces sen a existencia dun réxime de inspeccións e controis, así como de infraccións e sancións, aspectos estes últimos a que atende o título II, dividido en tres capítulos.

O capítulo I establece as regras xerais sobre os plans e o programa de inspección e control, o réxime do persoal inspector e as obrigas da inspección.

O capítulo II destínase ás infraccións e sancións. Con carácter básico configuráronse as infraccións moi graves, graves e leves por incumprimento da normativa na materia.

Respecto das sancións, tendo en conta a súa natureza básica, establécese o seu contido sancionador mínimo e máximo.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto:

a) Establecer as normas básicas sobre explotación, transporte, experimentación e sacrificio para o coidado dos animais e un réxime común de infraccións e sancións para garantir o seu cumprimento.

b) Regular a potestade sancionadora da Administración xeral do Estado sobre exportación e importación de animais desde ou cara a Estados non membros da Unión Europea no que respecta á súa atención e coidado e sobre os animais utilizados para experimentación e outros fins científicos en procedementos da súa competencia.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta lei aplicarase aos animais vertebrados de produción ou que se utilicen para experimentación e outros fins científicos.

2. Esta lei non se aplicará:

a) Á caza e á pesca.

b) Á fauna silvestre, incluída aquela existente nos parques zoolóxicos que se regulan pola Lei 31/2003, do 27 de outubro, de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos, sen prexuízo do previsto no artigo 14.1.f) desta lei.

c) Aos espectáculos taurinos previstos nos artigos 2 e 10 da Lei 10/1991, do 4 de abril, sobre potestades administrativas en materia de espectáculos taurinos, e ás competicións deportivas regradas incluídas as actuacións precisas para o control da dopaxe dos animais.

d) Aos animais de compañía, sen prexuízo do previsto na disposición adicional primeira desta lei.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos desta lei, entenderase por:

a) Animais de produción: os animais de produción, reprodución, ceba ou sacrificio, incluídos os animais de peletaría ou de actividades cinexéticas, mantidos, cebados ou criados para a produción de alimentos ou produtos de orixe animal ou para calquera outro fin comercial ou lucrativo.

b) Animais utilizados para experimentación e outros fins científicos: os animais vertebrados utilizados ou destinados a seren utilizados nos procedementos.

c) Procedemento: toda utilización dun animal para a experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia, que lle poida causar dor, sufrimento, angustia, lesión ou dano, incluída toda actuación que de maneira intencionada ou casual poida dar lugar ao nacemento dun animal nas condicións anteriormente mencionadas. Considérase, así mesmo, procedemento a utilización dos animais, aínda cando se eliminen a dor, o sufrimento, a lesión, a angustia ou o dano, mediante o emprego de anestesia, analxesia ou outros métodos. Quedan excluídos os métodos admitidos na práctica moderna (métodos humanitarios) para o sacrificio e para a identificación dos animais. Enténdese que un procedemento comeza no momento en que se inicia a preparación dun animal para a súa utilización e termina cando xa non se vai facer ningunha observación ulterior para o dito procedemento.

d) Experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia: aquela que utilice os animais cos seguintes fins:

1.º A investigación científica, incluíndo aspectos como a prevención de enfermidades, alteracións da saúde e outras anomalías ou os seus efectos, así como o seu diagnóstico e tratamento no home, os animais ou as plantas; o desenvolvemento e a fabricación de produtos farmacéuticos e alimenticios e outras substancias ou produtos, así como a realización de probas para verificar a súa calidade, eficacia e seguraza.

2.º A valoración, detección, regulación ou modificación das condicións fisiolóxicas no home, nos animais ou nas plantas.

3.º A protección do medio natural, en interese da saúde ou do benestar do home ou os animais e do mantemento da biodiversidade.

4.º A educación e a formación.

5.º A investigación médico-legal.

Non se entenderán incluídas para estes efectos, sen prexuízo da aplicación das normas relativas a animais de produción, as prácticas agropecuarias non experimentais e a clínica veterinaria.

e) Autoridade competente: os órganos correspondentes das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla; os órganos correspondentes da Administración xeral do Estado en materia de comercio e sanidade exteriores; e os órganos das entidades locais nas funcións propias ou complementarias que a lexislación encomende ás ditas entidades.

f) Explotación: calquera instalación, construción ou, no caso de cría ao aire libre, calquera lugar no cal se teñan, críen ou manexen animais de produción, ou se utilicen animais para experimentación ou outros fins científicos. Para estes efectos, entenderanse incluídos os matadoiros e outros lugares en que se realice o sacrificio de animais, os centros de concentración, os postos de control, os centros ou establecementos destinados á utilización de animais para experimentación ou outros fins científicos e os circos.

TÍTULO I

Explotación, transporte, experimentación e sacrificio de animais

Artigo 4. *Explotacións de animais.*

As administracións públicas adoptarán as medidas necesarias para asegurar que, nas explotacións, os animais non padezan dores, sufrimentos ou danos inútiles.

Para isto, teranse en conta a súa especie e grao de desenvolvemento, adaptación e domesticación, así como as súas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas de acordo coa experiencia adquirida, os coñecementos científicos e a normativa comunitaria e nacional de aplicación en cada caso.

Artigo 5. *Transporte de animais.*

1. As administracións públicas adoptarán as medidas necesarias para que só se transporten animais que estean en condicións de viaxar, para que o transporte se realice sen causarlles lesións ou un sufrimento innecesario, para a redución ao mínimo posible da duración da viaxe e para a atención das necesidades dos animais durante este.

2. Os medios de transporte e as instalacións de carga e descarga concíbiranse, construíranse, manteñan e utilízanse adecuadamente, de modo que se eviten lesións e sufrimento innecesarios aos animais e se garanta a súa seguraza.

3. O persoal que manipule os animais estará convenientemente formado ou capacitado para isto e realizará o seu cometido sen recorrer á violencia ou a métodos que poidan causar aos animais temor, lesións ou sufrimentos innecesarios.

Artigo 6. *Sacrificio ou matanza de animais.*

1. As normas sobre a construción, as instalacións e os equipamentos dos matadoiros, así como o seu funcionamento, evitarán aos animais axitación, dor ou sufrimento innecesarios.

2. O sacrificio de animais fóra dos matadoiros farase unicamente nos supostos previstos pola normativa aplicable en cada caso e de acordo cos requisitos fixados por esta, a excepción dos sacrificios de animais levados a cabo por veterinarios con fins diagnósticos.

3. Cando o sacrificio dos animais se realice segundo os ritos propios de igrexas, confesións ou comunidades relixiosas inscritas no Rexistro de Entidades Relixiosas, e as obrigas en materia de atordamento sexan incompatibles coas prescricións do respectivo rito relixioso, as autoridades competentes non exixirán o cumprimento destas obrigas sempre que as prácticas non excedan os límites a que se refire o artigo 3 da Lei orgánica 7/1980, do 5 de xullo, de liberdade relixiosa.

En todo caso, o sacrificio conforme o rito relixioso de que se trate realizárase baixo a supervisión e de acordo coas instrucións do veterinario oficial.

O matadoiro deberá comunicar á autoridade competente que se vai realizar este tipo de sacrificios para ser rexistrado para o efecto, sen prexuízo da autorización prevista na normativa comunitaria.

Artigo 7. *Centros ou establecementos destinados á cría, abastecemento ou uso de animais utilizados para experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia.*

Os centros ou establecementos destinados á cría, abastecemento ou uso de animais utilizados para experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia,

deben estar autorizados ou inscritos no correspondente rexistro administrativo, con carácter previo ao inicio da súa actividade.

Artigo 8. *Autorizacións e rexistros administrativos.*

Os transportistas de animais, os seus vehículos, contedores ou medios de transporte deben dispoñer da correspondente autorización e estar rexistrados, nos termos que regulamentariamente se determinen.

Artigo 9. *Importacións de animais vivos.*

No caso de importacións desde terceiros países de animais vivos a Administración xeral do Estado exixirá o cumprimento das obrigas fixadas na normativa europea.

TÍTULO II

Inspeccións, infraccións e sancións

CAPÍTULO I

Inspeccións

Artigo 10. *Plans e programas de inspección e control.*

As administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, establecerán os programas ou plans periódicos de inspeccións e controis oficiais que se precisen, sen prexuízo das inspeccións que resulten necesarias ante situacións ou casos singulares.

Artigo 11. *Persoal inspector.*

Para o desempeño das funcións inspectoras concernentes á materia á cal se refire esta lei, o persoal ao servizo das administracións públicas deberá ter cualificación e formación suficiente para o exercicio destas tarefas. Así mesmo, terá o carácter de axente da autoridade, podendo solicitar das autoridades competentes e, en xeral, daqueles que exerzan funcións públicas, incluídas as Forzas e Corpos de Seguraza do Estado ou corpos policiais autonómicos e locais, o concurso, apoio e protección que lle sexan precisos.

Artigo 12. *Obrigas do inspeccionado.*

As persoas físicas ou xurídicas ás cales se lles practica unha inspección estarán obrigadas a:

a) Permitir o acceso dos inspectores a todo establecemento, explotación, instalación, vehículo, contedor ou medio de transporte, ou lugar en xeral, coa finalidade de realizar a súa actuación inspectora, sempre que aqueles se acrediten debidamente ante o empresario, o seu representante legal ou persoa debidamente autorizada ou, no seu defecto, ante calquera empregado que estea presente no lugar. Se a inspección se practica no domicilio dunha persoa física, deberán obter o seu consentimento expreso ou, no seu defecto, a preceptiva autorización xudicial previa.

b) Subministrar toda clase de información sobre instalacións, produtos, animais, servizos e, en xeral, sobre aqueles aspectos relativos á protección animal que se lle solicitasen, permitindo a súa comprobación polos inspectores.

c) Facilitar que se obteña copia ou reprodución da información en materia de protección animal.

d) Permitir a práctica de dilixencias probatorias do incumprimento da normativa vixente en materia de protección animal.

e) En xeral, consentir e colaborar na realización da inspección.

f) En todo caso, o administrado terá dereito a mostrar e ratificar a súa desconformidade respecto ao recollido na acta de inspección.

CAPÍTULO II

Infraccións

Artigo 13. *Cualificación de infraccións.*

As infraccións cualifícanse como moi graves, graves ou leves, atendendo aos criterios de risco ou dano para os animais e ao grao de intencionalidade.

Artigo 14. *Infraccións.*

1. Son infraccións moi graves as seguintes:

a) O sacrificio ou morte de animais en espectáculos públicos fóra dos supostos expresamente previstos na normativa aplicable en cada caso ou expresa e previamente autorizados pola autoridade competente.

b) O incumprimento das obrigas exixidas polas normas de protección animal en canto ao coidado e manexo dos animais, cando concorra a intención de provocar a súa tortura ou morte.

c) Utilizar os animais en pelexas.

d) Utilizar animais en producións cinematográficas, televisivas, artísticas ou publicitarias, incluso con autorización da autoridade competente, cando se produza a súa morte.

e) O incumprimento da obriga de atordamento previo, cando non concorra o suposto establecido no artigo 6.3.

f) A realización dun procedemento sen a autorización previa da autoridade competente, cando se utilizan animais incluídos no apéndice I do Convenio sobre comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestres, CITES.

g) Provocar, facilitar ou permitir a saída dos animais de experimentación ou outros fins científicos do centro ou establecemento, sen autorización por escrito do seu responsable, cando dea lugar á morte do animal ou cree un risco grave para a saúde pública.

h) Subministrar documentación falsa aos inspectores ou á Administración.

i) Utilizar cans ou gatos vagabundos en procedementos.

j) Liberación incontrolada e voluntaria de animais dunha explotación.

2. Son infraccións graves as seguintes:

a) As mutilacións non permitidas aos animais.

b) Reutilizar animais nun procedemento cando a normativa aplicable non o permita ou conservar con vida un animal utilizado nun procedemento cando a normativa aplicable o prohiba.

c) Realizar calquera das actividades reguladas nesta lei sen contar coa autorización administrativa ou a inscrición rexistral exixible segundo as normas de protección animal aplicables.

d) O incumprimento das obrigas exixidas polas normas de protección animal en canto ao coidado e manexo dos animais, cando produza lesións permanentes, deformacións ou defectos graves deles.

e) A oposición, obstrución ou falta de colaboración coa actuación inspectora e de control das administracións

públicas, cando se impida ou dificulte gravemente a súa realización.

3. Son infraccións leves:

a) O incumprimento de obrigas exixidas polas normas de protección animal en canto ao coidado e manexo dos animais, sempre que non se produzan lesións permanentes, deformidades ou defectos graves, ou a morte dos animais.

b) O incumprimento das obrigas en canto á forma, métodos e condicións para o sacrificio ou matanza de animais, excepto o atordamento, cando non concorra o suposto establecido no artigo 6.3.

c) Abandonar un animal, co resultado da ausencia de control sobre el ou a súa efectiva posesión.

d) A oposición, obstrución ou falta de colaboración coa actuación inspectora e de control das administracións públicas, cando non impida ou dificulte gravemente a súa realización.

Artigo 15. *Reincidencia.*

1. Existe reincidencia se se produce a comisión de máis dunha infracción da mesma natureza no termo dun ano e así se declara na nova resolución sancionadora, sempre que, así mesmo, a primeira resolución sancionadora fose firme en vía administrativa. A data a partir da cal se contará este prazo será o día que conste nos autos que cometeu a primeira infracción ou, se é continuada, desde o día que deixou de cometela.

2. A reincidencia terá como consecuencia o incremento da sanción correspondente.

Artigo 16. *Sancións.*

1. Pola comisión de infraccións en materia de protección dos animais, poderanse impor as seguintes sancións:

a) No caso de infraccións moi graves, aplicarase unha multa de, polo menos, 6.001 euros e ata un límite máximo de 100.000 euros.

b) No caso de infraccións graves, aplicarase unha multa de, polo menos, 601 euros e ata un límite máximo de 6.000 euros.

c) No caso de infraccións leves, aplicarase unha sanción de multa ata un límite máximo de 600 euros ou apercibimento no seu defecto.

2. Cando un só feito sexa constitutivo de dúas ou máis infraccións, sancionárase soamente pola máis grave.

3. Os ingresos procedentes das sancións destinaranse a actuacións que teñan por obxecto a protección dos animais.

Artigo 17. *Sancións accesorias.*

A comisión de infraccións graves e moi graves pode levar aparellada a imposición das seguintes sancións accesorias:

a) Medidas de corrección, seguranza ou control, que impidan a continuidade na produción do dano.

b) Comiso dos animais. O órgano sancionador determinará o destino definitivo do animal, con suxeición aos principios de benestar e protección animal.

c) Cesamento ou interrupción da actividade, no caso de sancións moi graves.

d) Clausura ou peche de establecementos, no caso de sancións moi graves.

Artigo 18. *Graduación das sancións.*

1. As sancións pecuniarias graduaranse en función dos seguintes criterios: os coñecementos, o nivel educativo e outras circunstancias do responsable, o tamaño e a localización xeográfica da explotación, o grao de culpa, o beneficio obtido ou que se esperase obter, o número de animais afectados, o dano causado aos animais, o incumprimento de advertencias previas e a alarma social que se puider producir.

2. Se, en razón das circunstancias concorrentes, se aprecia unha cualificada diminución da culpabilidade do imputado, o órgano sancionador poderá establecer a contía da sanción aplicando a escala relativa á clase de infraccións de menor gravidade que aquela en que se integra a considerada.

3. O órgano sancionador poderá reducir a contía da sanción pecuniaria ata nun 20 por cento se o presunto infractor reconece a comisión da infracción, unha vez recibida a notificación da incoación do procedemento sancionador, sen efectuar alegacións nin propor proba ningunha.

Así mesmo, poderá incrementar a contía ata nun 50 por cento se o infractor é reincidente. Se a reincidencia concorre na comisión de infraccións leves, non procederá a sanción de apercibimento.

Artigo 19. *Competencia sancionadora.*

1. O exercicio da potestade sancionadora en aplicación desta lei corresponderá aos órganos competentes das comunidades autónomas ou das cidades de Ceuta e Melilla, e á Administración xeral do Estado, no ámbito das súas respectivas competencias.

2. Cando se trate de infraccións en importacións ou exportacións de animais, ou en materia de procedementos que sexan competencia da Administración xeral do Estado, a iniciación do procedemento corresponderá ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e a instrución ao órgano deste ministerio que teña atribuídas as funcións en materia de protección animal.

3. A resolución correspondente aos supostos recollidos no punto anterior, será ditada:

a) Polo ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación nos supostos de infraccións leves e graves, sen prexuízo da posibilidade de delegación.

b) Polo Consello de Ministros nos supostos de infraccións moi graves.

Artigo 20. *Medidas provisionais.*

Nos casos de grave risco para a vida do animal, poderanse adoptar medidas provisionais para pór fin á situación de risco para o animal, antes da iniciación do procedemento sancionador. Entre outras, poderanse adoptar as seguintes:

a) A incautación de animais.

b) A non-expedición, por parte da autoridade competente de documentos legalmente requiridos para o traslado de animais.

c) A suspensión ou paralización das actividades, instalacións ou medios de transporte e o peche de locais, que non contén coas autorizacións ou rexistros preceptivos.

Artigo 21. *Medidas non sancionadoras.*

Non terán carácter de sanción a clausura ou peche de establecementos ou instalacións que non contén coas previas autorizacións ou rexistros preceptivos, ou a suspensión do seu funcionamento mentres non se emenden os

defectos ou se cumbran os requisitos exixidos por razóns de protección animal.

Artigo 22. *Multas coercitivas.*

No suposto de que o interesado non execute as medidas provisionais, cumpra as sancións impostas ou as medidas previstas no artigo 21, a autoridade competente poderá requirir os afectados para que, nun prazo suficiente, procedan ao cumprimento daquelas, con apercibimento de que, en caso contrario, se imporá unha multa coercitiva, con sinalamento de contía e ata un máximo de 6.000 euros.

Disposición adicional primeira. *Protección dos animais de compañía e domésticos.*

1. Será aplicable aos animais de compañía e domésticos o disposto no artigo 5 en tanto o transporte se realice de forma colectiva e con fins económicos.

2. Serán igualmente de aplicación aos animais de compañía e domésticos as infraccións e sancións tipificadas nos artigos 14.1, alíneas a), b), c), d), e), h), i) e j), 14.2, alíneas a), c), d) e e), 14.3 e 16.1.

Disposición adicional segunda. *Taxa pola prestación de servizos e xestión de permisos e certificados no ámbito do Convenio sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestres (CITES).*

1. Créase a taxa pola prestación de servizos e expedición de documentos CITES que se rexerá por esta lei e polas demais fontes normativas que para as taxas se establecen na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

2. Feito impoñible: a realización pola Administración xeral do Estado das actuacións referidas á expedición de permisos e certificados CITES previstos no Convenio sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestres (CITES) e no Regulamento (CE) n° 338/1997, do Consello, do 9 de decembro de 1996, relativo á protección de especies de fauna e flora silvestres mediante o control do seu comercio.

3. Base impoñible: as solicitudes de permisos ou certificados para espécimes de fauna e flora CITES de acordo coa descrición que se contén no punto 6.

4. Nacemento da taxa: o momento en que se presente a solicitude que inicie o expediente, que non se realizará nin tramitará sen que se efectuase previamente o pagamento correspondente.

5. Suxeitos pasivos: as persoas físicas ou xurídicas que soliciten a prestación de servizos que constitúen o seu feito impoñible.

6. Determinación da cota:

Un. A contía da taxa que se ingresará será:

a) Por permisos CITES de importación de ata 4 especies: 20 euros que se incrementará en 5 euros máis por especie.

b) Por permisos CITES de exportación de ata 4 especies: 20 euros que se incrementará en 5 euros máis por especie.

c) Por certificados CITES de reexportación de ata 4 especies: 20 euros que se incrementará en 5 euros máis por especie.

d) Por certificados de propiedade privada de ata 4 especies: 30 euros que se incrementará en 5 euros máis por especie.

e) Por certificados de uso comunitario: 20 euros.

f) Por certificados de exhibición itinerante: 10 euros.

7. Exencións: quedan exentos do aboamento de taxas os organismos e institucións oficiais pertencentes a calquera das administracións públicas.

8. Autoliquidación e pagamento:

Un. A taxa será obxecto de autoliquidación por parte do suxeito pasivo, que deberá presentar xustificante do seu pagamento á solicitude do permiso ou certificado.

Dous. O pagamento da taxa realizarase en efectivo polo procedemento establecido na normativa que regula a xestión recadatoria das taxas da facenda pública.

9. Xestión e recadación: a xestión da taxa será levada a cabo pola Secretaría Xeral de Comercio Exterior do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

A Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, queda modificada como segue:

Un. Engádesse un novo parágrafo ao artigo 36.1, do seguinte teor:

«Para efectos da autorización prevista no parágrafo anterior, a autoridade competente verificará o cumprimento dos requisitos exixibles en materia de protección animal. En todo caso, as explotacións en que os animais descansan no curso dunha viaxe deberán estar autorizadas e rexistradas pola autoridade competente en materia de protección animal.»

Dous. Engádesse un novo parágrafo ao artigo 89.1, do seguinte teor:

«Non obstante o disposto no parágrafo anterior, se, en razón das circunstancias concorrentes, se aprecia unha cualificada diminución da culpabilidade do imputado, o órgano sancionador poderá establecer a contía da sanción aplicando a escala relativa á clase de infraccións de menor gravidade que aquela en que se integra a considerada no caso de que se trate.»

Disposición derradeira segunda. Títulos competenciais.

1. Esta lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases e coordinación xeral da sanidade.

2. Exceptúanse do disposto no punto anterior:

a) Os artigos 1 b), 10 e 19 e o réxime de inspeccións, infraccións e sancións correspondentes ás importacións e exportacións que se dita ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de sanidade exterior, de acordo co artigo 149.1.16.^a da Constitución.

b) A disposición adicional segunda dítase ao abeiro da competencia exclusiva que o artigo 149.1.14.^a da Constitución lle recoñece ao Estado en materia de facenda xeral.

Disposición derradeira terceira. Actualización de sancións.

O Goberno poderá, mediante real decreto, actualizar as sancións pecuniarias tipificadas no artigo 16, de acordo coa variación anual do índice de prezos de consumo.

Disposición derradeira cuarta. Recoñecemento da formación dos investigadores de centros que utilicen animais para experimentación ou outros fins científicos.

O Ministerio de Educación e Ciencia establecerá no prazo de dous meses desde a entrada en vigor desta lei,

un procedemento excepcional para acreditar que os investigadores posúen a formación e experiencia adecuada para a experimentación con animais. A aplicación deste procedemento estenderase ata un ano despois da entrada en vigor da lei.

Disposición derradeira quinta.

O disposto nos artigos 6.3, 14.1, letras a), c) e d), 14.2.a), 16.3 e no punto 2 da disposición adicional primeira desta lei, é aplicable en canto as comunidades autónomas con competencia estatutariamente asumida nesta materia non diten a súa propia normativa.

Disposición derradeira sexta. Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor ao mes da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 7 de novembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

19322 LEI 33/2007, do 7 de novembro, de reforma da Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguranza Nuclear. («BOE» 268, do 8-11-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

A creación do Consello de Seguranza Nuclear, mediante a Lei 15/1980, do 22 de abril, como o único organismo competente en materia de seguranza nuclear e protección radiolóxica, independente da Administración xeral do Estado, constituíu un fito fundamental no desenvolvemento da seguranza nuclear en España e permitiu equiparar o marco normativo español en materia de enerxía nuclear ao dos países máis avanzados neste campo.

Aínda que esa lei foi modificada nalgúns aspectos –principalmente, pola Lei 14/1999, do 4 de maio, de taxas e prezos públicos por servizos prestados polo Consello de Seguranza Nuclear–, o tempo transcorrido desde a súa promulgación aconsella a súa actualización co obxecto de ter en conta a experiencia adquirida durante este período, de incorporar as modificacións puntuais que se viñeron realizando no seu articulado, de adaptala á crecente sensibilidade social en relación co ambiente, e de introducir ou desenvolver algúns aspectos co fin de garantir o mantemento da súa independencia efectiva e reforzar a transparencia e a eficacia deste organismo.

Dadas as funcións que o Consello de Seguranza Nuclear ten encomendadas, é fundamental que as súas actuacións contén coa necesaria credibilidade e confianza por parte da sociedade que ten a misión de protexer contra os efectos indesexables das radiacións ionizantes.